



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 31/07/25 11:00:17

Exposición: 31/07/25 11:00:17 a 30/09/25 23:59:59

Anuncio

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Publicación decreto de aceptación da proposta do tribunal e requirimento documentación peón-condutor

Información:

EXP: 2025/E001/000008

ANUNCIO

pcBI - ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUN PEÓN-CONDUTOR DE BRIGADA AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE CAMARIÑAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000008

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 31 DE XULLO DE 2025.

Para xeral coñecemento faise público o Decreto da Alcaldía de data 31 de xullo de 2025, mediante o cal se acepta a proposta realizada polo tribunal cualificador de contratación dun peón-condutor de brigada ao abeiro do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUN PEÓN-CONDUTOR DE BRIGADA AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE CAMARIÑAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000008



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 31/07/25 11:00:17

Exposición: 31/07/25 11:00:17 a 30/09/25 23:59:59

Vista a acta e a proposta do Tribunal Cualificador do proceso de selección, mediante oposición, dun peón-conductor de brigada ao abeiro do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 23/6/2025 e publicadas no BOP número 122 do 30/6/2025.

Resultando que en data 30/07/2025 foi publicado o anuncio do resultado final do procedemento de selección, no que consta a relación de candidatos coas puntuacións totais acadadas, a relación de candidatos aprobados e a relación de candidatos propostos para a contratación.

Considerando que a proposta de contratación dun peón-conductor de brigada que fai o tribunal baséase na puntuación total/final obtida polos aspirantes, sendo o proposto o primeiro aspirante da listaxe ordenada por puntuacións totais/finais, isto é:

-- Nº

-- APELIDOS E NOME

-- PUNTUACIÓN TOTAL

-- 1



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas
Data: 31/07/25 11:00:17

Exposición: 31/07/25 11:00:17 a 30/09/25 23:59:59

-- LEMA MARTÍNEZ, FLORINDO

-- 7,50

-- 2

-- LUACES CASTRO, DANIEL

-- 5,50

Vista, pois, a relación de candidatos aprobados e que o tribunal ten elevada a proposta de contratación do peón-condutor de brigada.

De conformidade co disposto na base 8ª e 9ª da convocatoria, en uso das competencias que me atribúe o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Aceptar a listaxe de aprobados formulada polo tribunal cualificador no proceso de selección para a contratación dun peón-condutor de brigada ao abeiro do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026.

Segundo: Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador de contratación do seguinte candidato para o posto de xefe de brigada, segundo a puntuación final, de maior a menor, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indica:



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 31/07/25 11:00:17

Exposición: 31/07/25 11:00:17 a 30/09/25 23:59:59

-- APELIDOS E NOME

-- PUNTUACIÓN TOTAL

-- LEMA MARTÍNEZ, FLORINDO

-- 7,50

Terceiro: Aos efectos do previsto na Base 8ª da convocatoria, acéptase a proposta realizada polo tribunal e queda aprobada a Bolsa de emprego para a contratación dun peón-condutor de brigada, coa orde de chamamento de puntuación total final, de maior a menor, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indica:

-- ORDE DE CHAMAMENTO

-- APELIDOS E NOME

-- PUNTUACIÓN TOTAL

-- 1º

-- LUACES CASTRO, DANIEL

-- 5,50



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 31/07/25 11:00:17

Exposición: 31/07/25 11:00:17 a 30/09/25 23:59:59

Cuarto: Requirir ao aspirante proposto para a contratación, D. Florindo Lema Martínez, para que dentro do prazo máximo de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente acordo, proceda a presentar a documentación a que fai referencia a base 8ª da convocatoria.

Quinto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria acumulada, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa en funcións Dª Sandra Insua Rial.